

A CAÍDA DO IMPERIO AMERICANO

[Denys Arcand, 2018]

509

ESTREA EN NUMAX: 05.04.2019 | V.O.S.E. | +12

La chute de l'empire américain (2018, 128')

Dirección: Denys Arcand

Guión: Denys Arcand

Elenco: Alexandre Landry, Maripier Morin, Rémy Girard, Louis Morissette, Maxim Roy, Pierre Curzi, Vincent Leclerc, Yan England, Claude Legault

Son: Jean-Philippe Savard, Marie-Claude Gagné

Montaxe: Arthur Tarnowski

Dirección de arte: Patrice Bengle

Vestuario: Sophie Lefebvre

Música: Louis Dufort, Mathieu Lussier

Fotografía: Van Royko

Produtoras: Cinémaginaire Inc (Canadá)

Distribuidora: Wanda Visión

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El reino de la belleza, 2014

La edad de la ignorancia, 2007

Las invasiones bárbaras, 2003

Stardom, 2000

La verdadera naturaleza del amor, 1993

Jesús de Montreal, 1989

El declive del imperio americano, 1986

SINOPSE

Pierre-Paul, de 36 anos, é un intelectual e doutor en filosofía que se ve obrigado a traballar como repartidor para ter un salario decente. Un día, mentras entrega un paquete, atópase coa escena dun roubo a man armada que saíu mal cun resultado de dous mortos. Encóntrase con dúas bolsas de deporte cheas de billetes. Pierre-Paul enfrontase a un dilema: marchar coas mans baleiras ou coller o diñeiro e fuxir...

«Denys Arcand equilibra con pulcritude film noir e sátira social nunha comedia tonificante cuxos fins son serios»

Joe Leydon, VARIETY



A CAÍDA DO IMPERIO AMERICANO

[Denys Arcand, 2018]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“O diñeiro gañou e a razón perdeu”

Entrevista con Denys Arcand

Por Nando Salvà

O título do seu novo filme identifica como a terceira entrega da triloxía que iniciou con *El declive del imperio americano* (1986). Porén as súas similitudes con aquel filme e con *Las invasiones bárbaras* (2003) revélanse axiña aparentes. Mesmo despois de todos estes anos, os títulos séguense a dar fatal. Pensei en chamalo *O triunfo do diñeiro*, pero alguen me dixo que, con ese nome, ningún iría velo. En realidade, en todos os meus filmes falo do mesmo: a sociedade e a época na que vivo. E, para min, o noso tempo está marcado pola caída do imperio estadounidense, que se volveu ingobernabel. É unha caída lenta pero inexorable. A do Imperio Romano levou cinco séculos, así que teñamos paciencia.

O tema principal da primeira entrega era o sexo; o da segunda, a morte. Por que decidiu centrar esta terceira no diñeiro? Porque non hai nada máis. Eliminamos a idea da morte das nosas vidas e o sexo perdeu interese. E os ideais? Hai 30 ou 40 anos aínda existían auténticos marxistas que crían na revolución e a loita de clases. Todo iso

morreu. A esquerda tradicional, que se encargaba de propoñer medidas sociais, xa non existe. Que imos facer? Quen vai formar unha opción de futuro? O diñeiro gañou e a razón perdeu. Mesmo no mundo do cinema. O que importa xa non é a calidade dos filmes, senón a súa recadación na primeira fin de semana.

E que hai de vostede? Segue socialmente comprometido ou tirou a toalla? Estou tan perdido como os meus personaxes. Levo anos sen votar porque non me sinto representado por ningún. E a era dixital supérame. Facebook trafica coa nosa información privada, os *hackers* rusos manipulan os procesos democráticos, Netflix está a asumir o control absoluto do cinema. Francamente, síntome superado. Xa nin sequera vou ao cinema, porque a maioría dos cineastas que ameí morreron e a meirande parte dos filmes que se proxectan son entretemento baleiro. Se quere entreterme vexo a Rafa Nadal.

En todo caso, *A caída do imperio americano* é máis optimista do que cabería agardar. Non mostra fe no sistema, pero si no individuo. Realmente cre que hai motivos para a esperanza? Si. Sinto que aí fóra hai moitísimas persoas admirábeis. E creo que a vellez fíxome máis brando. Síntome máis calmo, menos deprimido. Despois de todo, tiven unha vida chea de éxito, amor e felicidade. Ademais, non me gusta que o espectador saia de ver un filme meu con ganas de se suicidar.

Asemade, é unha obra menos íntima e emocional que as súas predecesoras. A súa actitude satírica é máis agresiva. Cando falaba de sexo estaba a facelo das mulleres que coñecín, das amigas que fixen na universidade nunha época na que todos nos deitabamos con todos. Logo, cando despois de cumprir os 60 anos dirixín *Las invasiones bárbaras*, rendín tributo a todas as persoas que empezaban a morrer ao meu redor: pais, irmáns, amigos. Había moita implicación sentimental en todo iso. Pero o diñeiro non convida a este tipo de introspección senón a actitudes moito máis violentas.

De feito, o filme é un thriller, un xénero que vostede habitualmente non manexa. Fíxoselle estraño? Todo o contrario. Os primeiros filmes que fixen nos anos 70 eran thrillers, relatos de suspense e pistolas. Sobre todo despois de pasar moitos anos facendo cinema para intelectuais, apetecía-me afrouxar un pouco. E o director que diga que non goza rodando con pistolas, mente.

Publicado en elperiodico.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

